



introdución ao estudo de micromamíferos

manexo e metodoloxías prácticas

21 - 23 abril 2017

Organiza



CEIDA
CENTRO DE EXTENSIÓN
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN
AMBIENTAL DE GALICIA



Biolearn
nuestra experiencia, tu formación

Colabora



MARIÑAS CORUÑESAS
e TERRAS DO MANDEO
Reserva da Biosfera

► xustificación

Os micromamíferos inclúen diversos grupos de mamíferos: roedores e insectívoros. Son claves nos ecosistemas, ao atoparse nos eslavóns inferiores da cadea trófica, son tamén modeladores da paisaxe, e mesmo poden chegar a converterse en pragas.

A diversidade de hábitos e hábitats destas especies esixen o uso de metodoloxías específicas, e debido a que non existe ningunha que permita detectar todas as especies, é recomendable o uso combinado de varias destas.

Deste modo, o curso pretende dar a coñecer ao alumno/a as ferramentas axeitadas para afrontar un estudo de micromamíferos.



► obxectivos

O curso introduce ao manexo das diversas metodoloxías utilizadas para o estudo de micromamíferos. O coñecemento destas é fundamental para abordar calquera estudo ou seguimento ambiental que inclúa estas especies.

► destinarios

Está dirixido a profesionais do Medio Ambiente así como estudantes e titulados en disciplinas afíns. Se ben, toda aquela persoa interesada na temática pode participar. Non son necesarios coñecementos previos.

► metodoloxía

Esta formación desenvólvese de forma teórico-práctica, resaltando o desenvolvemento das competencias prácticas de cada un dos módulos.

Para iso, tras unha exposición dos contidos teóricos de cada módulo que acheguen ao alumno aos conceptos relevantes, é o alumno quen toma un papel activo mediante o emprego das ferramentas, técnicas e equipos, aprendendo de primeira man o manexo destas.

Finalmente, subliñarase a súa aplicación a través de diversas intervencións en situacóns reais.

A avaliación realizaase mediante un seguimento continuo, valorando tanto os coñecementos adquiridos coma a participación activa dos asistentes.

*Para o desenvolvemento das actividades prácticas, recoméndase aos alumnos/as que asistan equipados/as con roupa de traballo, chubasqueiro e botas de auga.



► módulos

Módulo 1. Introdución ao mundo dos micromamíferos. Bioloxía das especies galegas

Profesor: Xosé Pardavila Rodríguez

Este módulo ten por obxectivo introducir o alumno/a ao mundo dos micromamíferos (misticismo, bioloxía e problemas de conservación), facendo fincapé na súa relevancia ecolóxica. Daranse a coñecer as características de cada unha das especies de micromamíferos galegos, as súas peculiaridades ecolóxicas e como afectan á súa bioloxía.

Módulo 2. Métodos invasivos para o estudo de micromamíferos

Profesor: Xosé Pardavila Rodríguez

O obxectivo deste módulo é, introducir o alumno/a nos diferentes métodos invasivos para o estudo de micromamíferos.

Efectuarase un repaso polos diversos métodos invasivos que se empregan no estudo de micromamíferos (trampeos, revisión de caixas refuxio, etc...) mediante o emprego de casos prácticos.

Módulo 3. Métodos non invasivos para o estudo de micromamíferos

Profesor: Xosé Pardavila Rodríguez

Existen tamén métodos indirectos non invasivos para o estudio dos micromamíferos.

Realizarase unha introdución ás distintas metodoloxías que se soen empregar nos estudos científicos para avaliar a presenza e abundancia destas especies (censo de indicios, egagrópilas, trampas de pelo, fototrampeo, etc.).

Módulo 4. Obradoiro de métodos invasivos: instalación e revisión de trampas de captura

Profesor: Xosé Pardavila Rodríguez, Adrián Lamosa Torres e Martín Pérez Rendo

O obxectivo deste módulo é aplicar no campo unha das principais técnicas de estudo de micromamíferos: a captura e recaptura en vivo Durante este módulo práctico instalarase unha estación de trampeo que será revisada diariamente.

Módulo 5. Obradoiro de métodos non invasivos

Profesor: Xosé Pardavila Rodríguez, Adrián Lamosa Torres e Martín Pérez Rendo

O obxectivo deste módulo e a aplicación no campo de métodos non invasivos, xa que tamén resultan especialmente útiles para estudo dalgúnsas especies de micromamíferos como a augadana, as toupas, etc.. Neste módulo poremos en práctica algunha destas técnicas enfocadas a estas especies.

Módulo 6. Obradoiro de procesamento de egagrópilas

Profesor: : Xosé Pardavila Rodríguez, Adrián Lamosa Torres e Martín Pérez Rendo

As curuxas e mouchos, son uns eficientes cazadores de micromamíferos, de tal xeito que o estudo dos restos non dixeridos destes animais (egagrópilas), poden axudarnos a determinar con grande precisión a comunidade de micromamíferos presente nun área determinada.

► horario

O curso desenvolverase en 20 horas, distribuídas en sesións de 4 horas a tarde do venres, 12 horas durante o sábado, e 4 horas o domingo pola mañá.

Venres 21 abril	
16:00 - 17:45	Módulo 1: Introdución aos micromamíferos galegos
17:45 - 18:00	Descanso
18:00 - 19:00	Módulo 2: Métodos invasivos para o estudo de micromamíferos
19:00 - 19:45	Módulo 3: Métodos non invasivos para o estudo de micromamíferos
19:45 - 20:00	Descripción de caso práctico

Sábado 22 abril	
9:00 - 12:00	Módulo 4: Obradoiro de métodos invasivos: instalación e revisión de trampas de captura (1ª Parte)
12:00 - 12:30	Descanso/traslado
12:30 - 14:00	Módulo 5. Obradoiro de métodos non invasivos
14:00 - 15:30	Descanso
15:30 - 21:00	Módulo 6: Obradoiro procesamento de egagrópilas

Domingo 23 abril	
9:00 - 12:00	Módulo 4: Revisión de trampas. Recollida de trampas (2ª Parte)
12:00 - 12:30	Descanso/traslado
12:30 - 14:00	Revisión das citas obtidas polas diversas técnicas aplicadas, posta en común e avaliación das vantaxes e desvantaxes de cada técnica. Apuntes no deseño experimental para a caracterización e monitoraxe de micromamíferos. Despedida do curso

► **lugar**

Castelo de Santa Cruz (Oleiros) e Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo

► **equipo docente**

Xosé Pardavila, Adrián Lamosa, Martín Pérez (www.biolearn.org)

► **certificado**

Unha vez superados os criterios de avaliación de cada un dos módulos, faise entrega dun certificado de aproveitamento outorgado polo CEIDA. Será preciso así mesmo asistir, polo menos, a un 80% das horas do curso.



► **inscripción**

Matrícula: 95 €. Prazas limitadas por rigurosa orde de inscrición

► **más información**

formacion@ceida.org - 981 630 618